

I. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE

APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA DO CONCURSO PÚBLICO PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCÍONS PARA A PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS E APOIO Á GANDARÍA E EXPLOTACIÓNS AGRÍCOLAS, CORRESPONDENTES AO EXERCICIO 2026

Anuncio

Para os efectos oportunos, publícase que a Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Ourense adoptou, na súa sesión ordinaria do día 24 de agosto de 2026, o acordo de aprobación das bases reguladoras da convocatoria do concurso público para a concesión de subvencións pola Deputación Provincial de Ourense para a prevención de incendios forestais e apoio á gandaría e explotacións agrícolas, correspondente ao exercicio 2026, consonte coas seguintes cláusulas:

Primeira. Obxecto:

1. O obxecto destas bases é regular a tramitación e a concesión, mediante convocatoria pública e polo procedemento de concorrncia non competitiva, das subvencións destinadas aos titulares das explotacións gandeiras da provincia de Ourense inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega) e as explotacións agrícolas da provincia de Ourense inscritas no Reaga (Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia), co fin de fomentar actuacións que contribúan á prevención dos incendios forestais mediante o apoio á gandaría e agricultura e á mellora da sustentabilidade ambiental das explotacións e a modernización dos seus medios materiais.

As actuacións subvencionables estrutúranse nas seguintes liñas:

Liña A. Gasto corrente: recollida, transporte, tratamento e reciclaxe de plásticos agrícolas.

Serán subvencionables os gastos derivados da recollida, transporte, tratamento e reciclaxe dos plásticos agrícolas xerados polas explotacións, así como aqueles outros directamente vinculados á súa correcta xestión ambiental, coa finalidade de reducir o risco de incendios forestais asociado á acumulación destes residuos, favorecer a protección do medio natural e mellorar a sustentabilidade das explotacións.

O importe máximo que se concederá en gasto corrente (Liña A) será de 1.500,00 euros por beneficiario.

Liña B. Gasto de capital: adquisición de maquinaria e bens inventariables.

Poderán ser obxecto de subvención os gastos derivados da adquisición de maquinaria específica para a prevención de incendios forestais mediante actuacións de silvopastoreo e xestión preventiva da biomasa, tales como trituradoras, rozadoiras de tractor, cisternas agrícolas ou outra maquinaria de características análogas, así como doutros bens inventariables directamente relacionados coa actividade das explotacións, sempre que teñan carácter inventariable e a súa adquisición se realice durante o exercicio correspondente á convocatoria, de conformidade co establecido nas presentes bases.



O importe máximo que se concederá en gastos de capital (Liña B) será de 8.500,00 euros por beneficiario.

En ningún caso se poderá conceder a unha persoa beneficiaria unha subvención superior a 10.000,00 euros para o conxunto das actuacións subvencionadas ao abeiro desta convocatoria.

Segunda. Beneficiarios:

1. Poderán ser beneficiarias das subvencións reguladas nesta convocatoria as persoas físicas ou xurídicas titulares das explotacións gandeiras e agrícolas inscritas no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega) ou no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), situadas na provincia de Ourense, que cumpran os requisitos establecidos nestas bases.

Para adquirir a condición de beneficiario deberán reunir, na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes, os seguintes requisitos:

a) Dispoñer de inscrición vixente no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega) ou no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), segundo proceda.

b) Ter o domicilio social ou fiscal, ou ben a localización principal da explotación, na provincia de Ourense.

c) Atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa Axencia Estatal de Administración Tributaria, coa Axencia Tributaria de Galicia, coa Seguridade Social e coa Deputación Provincial de Ourense.

d) Non estar incursas en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

e) Ser gandeiro/a ou agricultor/a a título principal (ATP), conforme a normativa vixente da modernización das explotacións agrarias.

f) Figurar de alta no réxime especial de autónomos no sector agrario cunha antigüidade mínima e ininterrompida de dous (2) anos, tomando como referencia para o cómputo dese prazo o último día do prazo de presentación de solicitudes establecido nesta convocatoria.

g) No caso das persoas xurídicas, deberán atoparse validamente constituídas e ter actualizado o seu órgano de administración ou representación, cunha antigüidade mínima de dous (2) anos desde a súa constitución legal e a posterior inscrición no rexistro público correspondente e, así mesmo, que polo menos o 50 % dos socios sexan profesionais no sector.

2. Cada explotación poderá presentar unha única solicitude ao abeiro desta convocatoria, sen prexuízo de que esta poida incluír actuacións correspondentes a unha ou ás dúas liñas subvencionables previstas na base primeira, sempre que se cumpran os requisitos específicos establecidos para cada unha delas.

3. Non poderán obter a condición de beneficiarias aquelas explotacións que se atopen incursas nun procedemento de reintegro ou sancionador derivado das subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense, mentres non se resolva definitivamente a súa situación, nos supostos previstos na normativa aplicable.



4. A acreditación do cumprimento dos requisitos establecidos nesta base realizarase mediante a documentación prevista na base cuarta, sen prexuízo das comprobacións que a Deputación Provincial de Ourense poida efectuar de oficio de conformidade coa normativa vixente.

Terceira. Dispoñibilidades orzamentarias:

1. O financiamento das subvencións reguladas nesta convocatoria realizarase con cargo ás aplicacións orzamentarias do Orzamento xeral da Deputación Provincial de Ourense para o exercicio 2026, de acordo coa seguinte distribución:

a) Liña A. Gasto corrente: a recollida, o transporte, o tratamento e a reciclaxe de plásticos agrícolas, con cargo á aplicación orzamentaria 41917/47911, cun crédito máximo de 25.000,00 euros.

b) Liña B. Gasto de capital: a adquisición de maquinaria específica para a prevención de incendios forestais e doutros bens inventariables destinados ás explotacións gandeiras extensivas, con cargo á aplicación orzamentaria 41917/77901, cun crédito máximo de 175.000,00 euros.

A distribución do crédito entre ambas as liñas terá carácter independente, polo que os importes asignados a cada unha delas non poderán destinarse ao financiamento da outra, agás que, unha vez resolta a convocatoria, exista crédito sobrante nunha das liñas e a Xunta de Goberno da Deputación acorde expresamente a súa redistribución, sempre que a natureza dos créditos e a normativa orzamentaria o permitan.

3. A concesión das subvencións reguladas nesta convocatoria tramitarase mediante o procedemento de concorrencia non competitiva.

O crédito orzamentario dispoñible distribúese entre as liñas de axuda establecidas (Liña A e Liña B).

En ningún caso a contía individualizada que se conceda, poderá superar os seguintes límites máximos:

Liña A (gasto corrente): máximo de 1.500,00 euros por beneficiario.

Liña B (gasto de capital): máximo de 8.500,00 euros por beneficiario, sen que en ningún caso a contía concedida poida superar o 70 % do custo total do proxecto ou investimento subvencionable.

Así mesmo, o importe total acumulado das axudas concedidas a unha persoa beneficiaria para o conxunto das actuacións subvencionadas ao abeiro desta convocatoria (suma da Liña A e Liña B) non poderá superar en ningún caso os 10.000,00 euros.

Na liña A, poderase conceder ata o 100 % do investimento realizado, mentres que na liña B, a contía máxima da subvención non poderá superar o 70 % do orzamento total do proxecto elixible.

4. No caso de que o crédito dispoñible non sexa suficiente para facer fronte ás axudas solicitadas por todas as persoas beneficiarias, procederase ao rateo, de acordo co establecido no artigo 19.3 das Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarta. Solicitudes: lugar e forma de presentación, prazo e documentación:

1. Lugar e forma de presentación:



As solicitudes, subscritas polo interesado ou polo seu representante, irán dirixidas á Presidencia da Deputación Provincial de Ourense, mediante a súa presentación no Rexistro Xeral desta entidade, da seguinte maneira:

a) As persoas físicas poderán elixir en todo momento se se comunican coa administración para o exercicio dos seus dereitos e obrigas a través de medios electrónicos ou non, salvo que estean obrigadas a relacionarse a través de medios electrónicos.

b) As persoas xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica, están obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas.

A presentación da solicitude suporá a aceptación íntegra das presentes bases reguladoras.

2. Prazo de presentación:

O prazo de presentación das solicitudes comezará o día seguinte ao da publicación, a través da Base de Datos Nacional de Subvencións, do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense e rematará o día 25 de setembro de 2026 e este será o derradeiro día no que poderán presentarse validamente as solicitudes.

3. Documentación que deberá presentarse:

Cada beneficiario poderá presentar unha única solicitude ao abeiro da presente convocatoria.

As solicitudes deberán ir acompañadas da seguinte documentación:

De conformidade co establecido no artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, non é esixible que a documentación presentada sexa orixinal, polo que, tanto na modalidade de presentación presencial como na de presentación telemática, admitirase a presentación de copias simples.

Non obstante o anterior, nos casos en que a copia presentada suscite dúbidas pola súa calidade, a Deputación poderá solicitar de xeito motivado o cotexo da copia presentada, para o que se poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinal.

O detalle da documentación que debe presentarse é o seguinte:

a.1) Documentación administrativa para presentar polas persoas físicas:

1. Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I A destas bases.

2. Copia do NIF do solicitante.

3. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e da Seguridade Social. Para formular esta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo II A destas bases.

4. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto das subvencións e axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III A.



5. Certificación acreditativa da inscrición vixente da explotación no Rexistro de Explotacións Gandeiras de Galicia (Rega) ou no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia (Reaga), segundo proceda.

6. Deberán acreditar a condición da actividade a título principal a través do informe da vida laboral actualizado, do informe da situación actual e dos períodos de alta no réxime correspondente (Reta / Seta agrario) ou certificado da vida laboral e das bases de cotización onde conste o réxime do encadramento e as datas de alta e baixa.

7. Memoria descritiva das actuacións para as que se solicita a subvención, na que se describa o investimento ou a actuación prevista, a súa xustificación, o seu orzamento detallado, con indicación do IVE, e a súa relación cos obxectivos da convocatoria.

No caso da adquisición de maquinaria ou bens inventariables, deberán achegarse orzamentos, facturas pro forma ou as ofertas emitidas por empresas ou os provedores do sector.

No caso das actuacións da recollida e da reciclaxe de plásticos agrícolas, a memoria deberá describir os traballos previstos e o volume estimado de residuos obxecto da actuación.

8. Orzamento detallado en gastos e ingresos para cada una das actuacións para as que solicite subvención, así como a documentación técnica ou formal necesaria para xustificar os criterios de valoración proporcionais baseados no importe do proxecto e o grao de autofinanciamento.

9. Certificación da conta bancaria.

10. Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional da resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo do anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 10 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, en caso de non se presentar, a Deputación non lle efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda das deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda das deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme o sinalado na base 8ª.

Documentación administrativa para presentar polas persoas xurídicas:

1. Solicitude dirixida á Presidencia da Deputación no modelo oficial, recollido no anexo I destas bases.

2. Copia do NIF do representante.

3. Copia do CIF da entidade.

4. Certificado de inscrición no rexistro oficial correspondente ao tipo de entidade da que se trate.

5. Estatutos sociais da entidade.



6. Poder co que actúe o representante da entidade, agás que a dita función lle corresponda conforme os estatutos sociais, en razón do seu cargo na entidade, en cuxo caso a validez da representación acreditárase mediante documento acreditativo do seu nomeamento ou elección.

7. Declaración responsable comprensiva do feito de non atoparse incurso o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de atoparse a entidade ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para formular esta declaración poderase utilizar o modelo recollido no anexo II destas bases.

8. Declaración do solicitante da subvención na que figure o conxunto das subvencións e das axudas solicitadas para o mesmo fin, tanto as aprobadas ou concedidas, como as pendentes, sexan públicas ou privadas, segundo o modelo anexo III.

9. Certificación actualizada do Rega acreditativa da titularidade da explotación e da súa clasificación como explotación extensiva.

10. Deberán acreditar a condición da actividade a título principal a través do informe da vida laboral actualizado, informe de situación actual e períodos de alta no réxime correspondente (Reta / Seta agrario) ou certificado da vida laboral e das bases de cotización onde conste o réxime do encadramento e as datas de alta e baixa.

11. Memoria descritiva das actuacións para as que se solicita a subvención, na que se describa o investimento ou actuación prevista, a súa xustificación, o seu orzamento detallado, con indicación do IVE, e a súa relación cos obxectivos da convocatoria.

No caso da adquisición da maquinaria ou dos bens inventariables, deberán achegarse o orzamentos, as facturas pro forma ou as ofertas emitidas polas empresas ou polos provedores do sector.

No caso das actuacións da recollida e da reciclaxe de plásticos agrícolas, a memoria deberá describir os traballos previstos e o volume estimado de residuos obxecto da actuación.

12. Orzamento detallado en gastos e ingresos para cada unha das actuacións para as que solicite subvención, así como a documentación técnica ou formal necesaria para xustificar os criterios de valoración proporcionais baseados no importe do proxecto e o grao de autofinanciamento.

13. Autorización para recibir a través de correo electrónico e/ou sms a comunicación de aviso do inicio do prazo de emenda de deficiencias materiais na documentación administrativa presentada, da publicación do anuncio de inicio do trámite de audiencia da proposta provisional da resolución, da publicación do acordo de resolución do concurso, e do aviso do inicio do prazo de emenda das deficiencias na documentación presentada para a xustificación da subvención concedida, segundo o modelo anexo IV.

A presentación do documento sinalado no apartado 13 non é obrigatoria, senón voluntaria, pero, no caso de non se presentar, a Deputación non efectuará ningunha comunicación individual ao interesado relativa á emenda de deficiencias na solicitude, ao trámite de audiencia, ao acordo de resolución do concurso, e á emenda de deficiencias na xustificación, publicitándose a información correspondente exclusivamente a través da sede electrónica, da páxina web e ademais no BOP no caso da resolución do procedemento, conforme co sinalado nas bases 8ª.

4. Emenda de deficiencias:



Se a solicitude non reúne os requisitos esixidos ou non se acompaña da documentación establecida nesta base, requirirase á persoa interesada para que emende as deficiencias no prazo de dez días hábiles, con indicación de que, de non o facer, terase por desistida da súa solicitude, logo da resolución que se dite nos termos previstos no artigo 68 da Lei 39/2015.

Quinta. Réxime da protección dos datos achegados coa solicitude:

1. O tratamento pola Deputación Provincial dos datos persoais achegados polos solicitantes fúndase no disposto nos apartados c) e e) do artigo 6 do Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, en adiante RGPD, así como no artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, de protección dos datos persoais e garantías dos dereitos dixitais, en adiante LOPDGDD, ao ser a achega dos datos e información esixida nestas bases necesaria para o cumprimento do disposto na lexislación xeral de subvencións, así como para a comprobación do cumprimento dos requisitos e valoración das solicitudes consonte ao indicado nas propias bases. En consecuencia, a negativa a facilitar estes datos á Deputación Provincial determinará a exclusión do interesado do procedemento.

2. En cumprimento do establecido no artigo 13 do RGPD, Regulamento UE 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos datos persoais e á libre circulación destes datos, infórmaselles aos interesados do seguinte:

a) O responsable do tratamento dos datos é a Deputación Provincial de Ourense, cuxo representante legal é o seu presidente, con domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600/1 e correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal

b) O delegado de protección de datos da Deputación Provincial poderase contactar polos seguintes medios: domicilio, para os efectos de notificacións, na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense, teléfono de contacto 988317600 e correo electrónico: dpd@depourense.gal

c) Os datos subministrados coa solicitude destinaranse unicamente a garantir o cumprimento do establecido na lexislación xeral de subvencións, a comprobar que o solicitante reúne os requisitos establecidos para poder ser beneficiario, e para a valoración da súa solicitude. Ademais, e en cumprimento do establecido nos artigos 20 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, 15 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia e 8.1.c) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, a información relativa ás subvencións concedidas, alí prevista, será obxecto de publicación, ademais de no Boletín Oficial da Provincia, na Base de Datos Nacional de Subvencións, no Diario Oficial de Galicia e no portal de transparencia da Deputación Provincial de Ourense. Publicaranse igualmente na sede electrónica e na páxina web provincial www.depourense.es as actas da comisión de valoración, o trámite de audiencia e a resolución do concurso, nas que se reflectirán as puntuacións obtidas polos solicitantes. As publicacións referidas manteranse durante un prazo mínimo de catro anos dende a realización da publicación, e poderase, a partir dese prazo, suprimir de xeito motivado a publicación de oficio pola Deputación Provincial ou ben á solicitude dos interesados, dirixida ao responsable do tratamento.



En todo caso, as solicitudes e o resto da documentación que obra no expediente atoparanse a disposición doutros interesados no procedemento para os solos efectos da formulación de reclamacións ou interposición de recursos que legalmente procedan contra o acto de resolución, e baixo a condición de que os datos de identidade persoal dos interesados non se poidan facer públicos.

d) A base xurídica do tratamento dos datos achegados coa solicitude é a necesidade deses datos para o cumprimento das obrigas legais que impón a lexislación xeral de subvencións, en tanto que Administración Pública concedente (artigo 6.1.c) do RGPD, e, no caso dos datos para acreditación do cumprimento dos requisitos específicos da convocatoria e valoración de solicitudes, a necesidade deses datos para dar satisfacción á finalidade de interese público (fomento da cultura) perseguida con esta convocatoria (artigo 6.1.e) do RGPD.

e) Os datos subministrados á Deputación Provincial serán tratados exclusivamente polo persoal autorizado para a tramitación da solicitude, suxeitos a deber de reserva. Estes datos poderán ser cedidos a terceiras persoas nos seguintes casos:

- Ao resto de solicitantes ou os seus representantes legais, cando así o reclamen, para a formulación de reclamacións ou a interposición de recursos contra o acto de adxudicación.

- Aos membros da corporación que o soliciten, aos xulgados e tribunais, para os efectos da resolución dos recursos xudiciais que poidan interpoñerse contra a decisión de adxudicación, así como ao Ministerio Fiscal, Valedor do Pobo, Defensor do Pobo, Tribunal de Contas e Consello de Contas, na medida na que sexa necesario para o exercicio das funcións destas autoridades públicas.

- Ás persoas que o soliciten ao abeiro do disposto na Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia e bo goberno, previo expediente contradictorio con audiencia do interesado titular dos datos e nos termos previstos na dita lei.

f) En ningún caso se transferirán os seus datos persoais a un terceiro país nin a unha organización internacional.

g) Os datos subministrados conservaranse nos arquivos da Deputación Provincial de forma indefinida, para os únicos efectos da súa conservación conforme ao disposto na lexislación sobre arquivos do sector público e na lexislación sobre patrimonio documental cultural.

h) Os interesados poderán solicitar en todo momento da Presidencia da Deputación o acceso aos seus datos, así como a súa rectificación, de ser o caso.

Poderá solicitarse a limitación do tratamento dos ditos datos, referida á súa publicación, unha vez transcorrido o prazo de catro anos previsto nestas bases.

Poderá formularse igualmente a oposición ao tratamento dos datos, motivada pola situación particular do interesado, nos termos previstos no artigo 21 do RGPD.

Os dereitos sinalados neste apartado poderán exercerse mediante un escrito dirixido á Presidencia da Deputación Provincial, ben na rúa Progreso, n.º 32, 32003, en Ourense; ou no correo electrónico: gabinete.presidencia@depourense.gal, así como no correo do DPD: dpd@depourense.gal

De conformidade co disposto no artigo 20.3 do RGPD, no será de aplicación o dereito á portabilidade dos datos subministrados á Deputación Provincial neste procedemento.



i) En todo caso, os interesados poderán formular as reclamacións que consideren oportunas en relación co tratamento dos seus datos persoais ante a Axencia Española de Protección de Datos.

j) A falla de subministración á Deputación Provincial dos datos persoais requiridos, ao constituír un requisito legal para a selección dos beneficiarios, dará lugar á exclusión dos interesados do procedemento.

k) En ningún caso se procederá á adopción de decisións automatizadas nin á elaboración de perfís persoais cos datos subministrados, que non serán obxecto de tratamentos diferentes aos expresamente previstos nesta cláusula.

Sexta. Gastos subvencionables:

1. Terán a consideración de gastos subvencionables aqueles que, respondendo de maneira indubitada á natureza e finalidade da presente convocatoria, se realicen durante o exercicio 2026, e se correspondan coas actuacións previstas na base primeira e se atopen efectivamente realizados, facturados e pagados dentro do prazo de xustificación establecido nas presentes bases.

2. Serán subvencionables as seguintes categorías de gasto:

a) Liña A. Gasto corrente.

Os gastos derivados da recollida, transporte, tratamento e reciclaxe de plásticos agrícolas xerados polas explotacións gandeiras, sempre que correspondan aos tipos de plásticos agrícolas relacionados no Anexo XI destas bases e a súa xestión se realice a través dun xestor autorizado de residuos ou conforme á normativa ambiental que resulte de aplicación. O importe máximo do gasto corrente elixible por beneficiario será de 1.500,00 euros.

b) Liña B. Gasto de capital.

Os gastos derivados da adquisición de maquinaria específica para a prevención de incendios forestais mediante actuacións de silvopastoreo e xestión preventiva da biomasa, así como doutros bens inventariables destinados á actividade das explotacións gandeiras extensivas, sempre que correspondan aos tipos de maquinaria relacionados no Anexo XII destas bases, teñan carácter inventariable e a súa adquisición se realice antes de finalizar o prazo de xustificación. O importe máximo do gasto de capital elixible será de 8.500,00 euros por beneficiario.

3. Os anexos XI e XII teñen carácter orientativo e comprenden a relación dos principais tipos dos plásticos agrícolas e da maquinaria subvencionables. Poderán admitirse outros materiais ou equipamentos de características, funcionalidade ou finalidade análogas, sempre que garden unha relación directa co obxecto da convocatoria e a súa subvencionabilidade sexa expresamente apreciada polo órgano competente.

4. En todo caso, non terán a consideración de gastos subvencionables:

a) Os gastos correntes do funcionamento ordinario, mantemento xeral ou estrutural da explotación que non estean directamente relacionados coa actuación subvencionada.

b) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, así como os impostos persoais sobre a renda.



c) Os xuros, recargas, sancións administrativas ou penais e os gastos derivados de procedementos xudiciais.

d) Os xuros debedores de contas bancarias.

e) A adquisición de vehículos destinados ao transporte ordinario de persoas ou mercadorías, sen prexuízo da subvencionabilidade da maquinaria agrícola e dos equipamentos expresamente previstos no Anexo VI.

f) A adquisición de valores mobiliarios ou participacións en sociedades de capital de calquera clase.

g) Os gastos que resulten financiados na súa totalidade mediante outras axudas ou subvencións públicas.

h) Os gastos correspondentes á adquisición de materiais, bens ou servizos que non garden relación directa coa prevención dos incendios forestais, coa actividade da explotación gandeira extensiva ou coa correcta xestión dos plásticos agrícolas obxecto da presente convocatoria.

Sétima. Procedemento de concesión:

1. O procedemento de concesión será o de concorrencia non competitiva, de conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, co Regulamento que a desenvolve e coa normativa reguladora das subvencións da Deputación Provincial de Ourense.

2. Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes, estas remitiránse ao Negociado de Concursos da Sección de Subvencións, para a instrución do expediente e comprobación da corrección da documentación achegada.

Examinada a documentación, a Presidencia concederá un prazo de ata dez días hábiles para a emenda de deficiencias materiais na documentación presentada.

Para a achega desta documentación poderá utilizarse como oficio de remisión o modelo recollido no anexo V destas bases.

Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións convocadas pola Deputación Provincial de Ourense para a prevención de incendios forestais e apoio á gandaría e explotacións agrícolas, correspondentes ao exercicio 2026.

No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 5ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

3. Unha vez transcorrido o prazo de emenda de deficiencias, e instruído o expediente pola Sección de Subvencións, emitirase un informe coa proposta de admisión e non admisión de solicitudes e formularase a proposta de resolución conforme as regras seguintes:



Con respecto aos proxectos para os que non se achegase de modo completo e no prazo establecido a documentación administrativa, formularase proposta de non admisión a trámite das súas solicitudes.

Con respecto ao resto de proxectos, proporase a súa admisión a trámite, procedendo a formular proposta de valoración das solicitudes conforme cos criterios recollidos na base décima.

4. A proposta provisional de resolución será sometida a trámite de audiencia aos interesados por prazo de dez días hábiles mediante un anuncio no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións convocadas pola Deputación Provincial de Ourense para a prevención de incendios forestais e apoio á gandería e explotacións agrícolas, correspondentes ao exercicio 2026.

No caso de non ter presentado a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

A proposta provisional de resolución someterase ao correspondente trámite de audiencia durante dez días hábiles.

Unha vez resoltas as alegacións, formularase proposta definitiva de resolución.

Oitava. Publicidade da concesión:

1. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1 b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o acordo de concesión publicárase no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, concurso para a concesión de subvencións convocadas pola Deputación Provincial de Ourense para a prevención de incendios forestais e apoio á gandería e explotacións agrícolas da Deputación Provincial de Ourense, correspondentes ao exercicio 2026, así como na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Sen prexuízo do anterior, aos solicitantes que presenten a autorización para realizar as comunicacións previstas na base 4ª, realizaráselles unha comunicación persoal por sms ou correo electrónico, advertíndolles da publicación da resolución na sede electrónica. No caso de que non presenten a dita autorización, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal.

Novena. Publicidade da subvención por parte do beneficiario:

O beneficiario da subvención deberá adoptar as medidas de difusión da subvención concedida, para darlle unha axeitada publicidade ao carácter público do financiamento do investimento e deberá realizar como mínimo a seguinte medida de difusión:

En todos os casos da adquisición de maquinaria (Liña B) deberá colocarse de forma permanente un adhesivo ou pegatina identificativa, visible e resistente, na maquinaria subvencionada, na que



conste a lenda: “Maquinaria cofinanciada pola Deputación Provincial de Ourense para a prevención de incendios forestais”.

Esta placa será facilitada pola Deputación Provincial de Ourense.

Décima. Xustificación e pago da subvención:

A subvención xustificárase mediante a presentación dunha conta xustificativa integrada polos seguintes documentos:

A) Memoria de actuación xustificativa do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos (volume de plásticos reciclados ou maquinaria adquirida), segundo modelo Anexo VI.

B) Relación clasificada dos gastos executados, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, data de emisión, identificación do documento de xustificación do pago e, se é o caso, data de aboamento, segundo o modelo anexo VII.

C) Relación detallada dos ingresos obtidos para a actividade, con indicación do importe e a súa procedencia (outras axudas ou fondos propios), segundo o modelo anexo VIII .

De ser o caso, nas relacións sinaladas nos apartados B) e C) indicaranse as desviacións acaecidas verbo do orzamento presentado coa solicitude, tanto no relativo aos ingresos como aos gastos.

D) Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social:

Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención igual ou inferior a 3.000,00 euros, deberán achegar unha declaración responsable comprensiva do feito de non incorrer o solicitante nas prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei xeral de subvencións, incluíndo unha referencia expresa á circunstancia de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social. Para formular esta declaración poderá utilizarse o modelo recollido no anexo IX destas bases.

Naqueles supostos nos que os beneficiarios obteñan unha subvención superior a 3.000,00 euros, deberán achegar certificados actualizados emitidos polos órganos correspondentes, de estar ao día nas súas obrigas tributarias e de Seguridade Social.

E) Facturas xustificativas dos gastos, ata un importe equivalente ao da subvención concedida e a correspondente acreditación do pago de ditas facturas, identificación do documento de acreditación do pago e data do pago.

Non obstante, a presentación de facturas poderá substituírse pola dos documentos que se indican nos seguintes casos:

- Nos supostos en que non exista obriga legal de emitir factura, admitirase como documento acreditativo do gasto, un recibo asinado polo pagador e polo prestador do servizo (no que deberá figurar a retención do IRPF, de ser aplicable) e, se é o caso, o modelo 111 de retencións e ingresos a conta do IRPF e o seu pago, e/ou modelo 190 de retención e ingresos a conta do IRPF (resumo anual) en relación ao importe retido por este concepto.



Excluíranse totalmente da xustificación, aqueles documentos de gasto que de ser obrigatoria a aplicación de retención, esta non conste.

En todo caso, os documentos xustificativos presentados, tales como facturas, recibos e demais documentos análogos, deberán reunir os requisitos que estableza a normativa fiscal vixente, en particular no que se refire á normativa do imposto sobre o valor engadido e do imposto sobre a renda das persoas físicas.

F) Acreditación das medidas de difusión adoptadas mediante a presentación de fotografías nítidas.

G) Certificación de conta bancaria do beneficiario expedida pola entidade financeira correspondente.

En todos os casos e de conformidade co artigo 31.3 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, no caso de que o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na LCSP para o contrato menor, o beneficiario deberá solicitar como mínimo tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contracción do compromiso para a obra, a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades que os realicen, presten ou subministren, ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

En consecuencia, deberán achegar a correspondente documentación que acredite o cumprimento deste extremo.

De conformidade co establecido no artigo 31.8 da Lei xeral de subvencións, os tributos son gasto subvencionable cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente. En ningún caso, se consideran gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

En consecuencia, e para os efectos de considerar como gasto subvencionable o IVE dos documentos de gastos presentados para xustificar a subvención concedida, o beneficiario deberá cubrir o anexo X e achegar a documentación que proceda.

2. A conta xustificativa presentarase conformada polo presidente da entidade ou pola propia persoa física do promotor, se é o caso.

3. Para considerar xustificada a subvención, deberase acreditar a realización de gasto corrente por contía igual ou superior á presentada no orzamento presentado coa solicitude de subvención, e presentar ademais xustificantes de gastos (facturas ou equivalentes e a acreditación do seu pago) polo importe da subvención concedida.

No caso de non acreditarse a realización de gasto por unha contía igual ou superior á presentada no orzamento que serviu de base para a valoración da subvención, a subvención reducirase proporcionalmente, agás nos seguintes supostos, nos que procederá a perda total do dereito á subvención:

a) Que a redución supoña o total incumprimento da finalidade da subvención.

b) Que a redución do orzamento da actuación executada con respecto ao presentado coa solicitude sexa tal que, de terse en conta na valoración efectuada para a concesión, dese lugar á denegación da subvención.



Igualmente, non se considerará xustificada unha subvención cando, aínda que se manteña a contía de gasto prevista, se producisen cambios ou modificacións de carácter substancial no proxecto, entendendo por tales aqueles que, de teren sido contemplados na solicitude, terían dado lugar a unha valoración inferior do proxecto, ou aqueles que consistan na realización dunha actividade esencialmente distinta á proxectada.

Naqueles casos nos que as modificacións só afecten a parte do proxecto, a subvención poderá considerarse parcialmente xustificada na parte non afectada, declarándose a perda do dereito á subvención correspondente ao resto.

En todo caso, cando a contía do gasto xustificado sexa inferior ao 25 % do orzamento presentado coa solicitude da subvención, esta entenderase automaticamente como non xustificada, dando lugar ao reintegro ou perda total do dereito á subvención concedida.

4. Ao abeiro do establecido no artigo 31.2 da Lei xeral de subvencións, considerarase como gasto efectivamente realizado aquel cuxa obriga de pago fose contraída antes do vencemento do prazo de xustificación da subvención.

5. A xustificación dos gastos incluírá a acreditación fidedigna do pagamento destes.

6. A Deputación poderá comprobar a realidade do gasto certificado a través dos oportunos procedementos de inspección, auditoría e control financeiro, das entidades beneficiarias, de conformidade co establecido na Lei xeral de subvencións.

7. A conta xustificativa presentarase conformada polo representante legal ou o beneficiario.

8. Para considerar xustificada a subvención, deberase acreditar a realización do gasto por contía igual ou superior á presentada no orzamento (Liña B), demostrando fidedignamente a execución do 100 % do investimento correspondente ao proxecto elixible.

9. Nos expedientes correspondentes á Liña A (gasto corrente), o beneficiario deberá acreditar, mediante certificados emitidos por un xestor autorizado de residuos ou documentación equivalente, o volume de plásticos agrícolas efectivamente entregado para a súa correcta xestión. Cando o volume finalmente acreditado sexa inferior ao que serviu de base para a valoración da solicitude, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, sen prexuízo das restantes consecuencias previstas na normativa de subvencións.

10. De advertírense deficiencias de carácter corrixible na conta xustificativa, a Presidencia concederá un prazo de dez días hábiles para a súa emenda. Ao abeiro do disposto no artigo 45.1b) da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, o requirimento para emendar as ditas deficiencias materiais realizarase exclusivamente a través da súa publicación no taboleiro de anuncios electrónicos da sede electrónica da Deputación Provincial (<http://sede.depourense.es>) e na páxina web <http://www.depourense.es>, enlace Sección de Subvencións, enlace Negociado de Concursos, acceso a concursos, concurso para a concesión de subvencións para a prevención de incendios forestais e apoio á gandería e explotacións agrícolas, correspondentes ao exercicio 2026. No caso de non presentar a autorización para realizar as comunicacións previstas



na base 4ª, non se realizará ningún tipo de comunicación persoal, notificándose unicamente e en todo caso, na antedita páxina web.

11. Se a conta xustificativa fose presentada correctamente, mediante resolución da Presidencia declarárase xustificada a subvención, o que se lles notificará aos interesados con indicación dos recursos que procedan e do prazo máximo de pagamento, que será de trinta días naturais contados desde a data da resolución. No suposto no que se advirta, no trámite de xustificación da subvención, a falta total ou parcial da xustificación esixible, procederase á incoación do expediente de perda do dereito á subvención que corresponda. No suposto de procedementos de perda do dereito á subvención de carácter parcial, estes tramitaranse de xeito acumulado co procedemento de xustificación, resolvéndose nun único acto administrativo todas as cuestións que suscite o expediente.

12. A competencia para declarar xustificada ou non unha subvención, así como para o exercicio das accións de reintegro ou declaración da perda do dereito á subvención e para o exercicio da potestade sancionadora, corresponderalle á Presidencia, ou ao deputado no que delegue.

13. A xustificación deberá realizarse ante a Deputación antes do 20 de decembro de 2026. O dito prazo terá como regra xeral carácter improrrogable, agás causa de forza maior debidamente acreditada pola entidade interesada, que en todo caso deberá solicitar a oportuna prórroga antes do 31 de outubro. En ningún caso se poderán conceder prórrogas por un período superior a un mes e medio. Non obstante o anterior, no caso de actividades desenvolvidas nos meses de novembro e decembro de 2026, o prazo de xustificación estenderase ata o 20 de xaneiro de 2027.

Tanto a xustificación como a renuncia poderán presentarse en calquera dos lugares previstos na base quinta, de forma presencial ou telemática, segundo proceda. Serán de aplicación as regras establecidas na base quinta para a presentación en papel ou telemática das solicitudes (referidas á documentación da conta xustificativa á que se refire esta base), así como a inexistencia da obriga de presentación de documentación orixinal.

14. Como regra xeral, as subvencións seranlle aboadas ao beneficiario unha vez xustificadas, no prazo máximo de trinta días naturais desde que se dite o acto administrativo no que se teña por xustificada a subvención.

Sen prexuízo do anterior, poderanse realizar pagos anticipados, a petición dos interesados, suxeitos á constitución da garantía polo importe do 100 % do anticipo solicitado. Para estes efectos, admitiranse as seguintes garantías:

- a) Aval de entidade de crédito.
- b) Seguro de caución.
- c) Fianza en metálico.

d) No suposto de subvencións por importe de ata 6.000 euros, admitirase a fianza solidaria prestada por dous ou máis persoas físicas e xurídicas, sempre que estas acrediten suficientemente a súa solvencia económica.



Non obstante o anterior, estarán exentas da prestación de garantías as entidades locais, agás no suposto de que, no momento da solicitude do anticipo, teñan débedas líquidas, vencidas e esixibles pendentes de pagamento coa Deputación por un importe que supere o 2 % dos recursos ordinarios do orzamento da entidade solicitante.

15. Poderán realizarse pagamentos a conta, tras a previa solicitude do interesado, que consistirán na realización de pagamentos fraccionados que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, aboándose por contía equivalente á xustificación presentada. Para a realización dos pagamentos a conta, deberán presentarse as facturas do gasto correspondente.

En todo caso, a realización destes pagamentos non implica unha declaración definitiva como xustificado do gasto correspondente, nin exime da necesidade de presentar a conta xustificativa completa ao remate da execución do proxecto. En consecuencia, no caso de que a subvención non se estimase xustificada no trámite final, a Deputación poderá esixir o reintegro das cantidades aboadas a conta, de concorrer causa legal conforme ao artigo 37 da Lei xeral de subvencións.

Undécima. Obrigas dos beneficiarios:

Con carácter xeral, os beneficiarios asumirán todas as obrigas impostas pola Lei xeral de subvencións. En particular, quedan suxeitos ás obrigas de control financeiro e reintegro.

De conformidade co artigo 31 da Lei xeral de subvencións, os beneficiarios gandeiros ou entidades deberon destinar os bens aos que se refire o investimento ao fin concreto durante un período mínimo de dous anos. O incumprimento dará lugar ao reintegro proporcional ou total.

Décimo segunda. Incompatibilidade con outras axudas ou subvencións públicas:

As subvencións concedidas ao abeiro desta convocatoria son compatibles con outras axudas ou subvencións públicas, concedidas por administracións distintas da propia Deputación de Ourense ou do seu organismo autónomo, o Inorde, para os mesmos gastos, sempre que o conxunto das ditas axudas no exceda do 100 % do gasto da actividade subvencionada, sen prexuízo de respectar o tope de financiamento público local do 70 % fixado nestas bases (Liña B).

Así mesmo, estas subvencións tamén serán compatibles con outras subvencións concedidas pola Deputación Provincial de Ourense ou polo Inorde, sempre que se trate de subvencións en concorrencia competitiva.

Décimo terceira. Normativa aplicable:

En todo o non disposto nestas bases seralles de aplicación a esta convocatoria e ás subvencións que se concedan ao seu abeiro o disposto na normativa de subvencións aplicable á Administración local, así como na lexislación vixente en materia do procedemento administrativo común das Administracións públicas.

Os anexos aos que fan referencia as citadas bases figuran, para o coñecemento e os efectos oportunos, na Sección de Subvencións e publicaranse, xunto co pertinente acordo, no BOP e na sede electrónica da Deputación.



Aprobar a convocatoria das referidas bases e ordenar a publicación do correspondente anuncio no BOP e na sede electrónica da Deputación.

Contra este acordo pódese interpor, potestativamente, un recurso de reposición, como trámite previo ao contencioso – administrativo, ante a Xunta de Goberno desta Deputación, no prazo dun mes, ou, alternativamente e de forma directa, un recurso contencioso – administrativo ante a Sección do Contencioso-Administrativo do Tribunal de Instancia de Ourense (ou outro que resultase territorialmente competente en aplicación das regras establecidas no artigo 14 da Lei reguladora da xurisdición contencioso – administrativa), no prazo de dous meses. En ningún caso poderán simultanearse ambos os dous recursos.

Os prazos indicados computaranse a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Non obstante o anterior, poderá interpoñer calquera outro recurso ou acción administrativa ou xudicial que estime procedente.

Ourense, 24 de agosto de 2026. O presidente.

Fdo.: Luis Menor Pérez.

(Ver anexo páx. seguinte).

R. 2.073

